



Manuel Bautís Cheda, Secretario do Consello de Administración do Ente Público Portos de Galicia-  
 Consellería do Mar-Xunta de Galicia,

**CERTIFICA:**

Que o día 26 de marzo de 2015 reunéuse en sesión celebrada en segunda convocatoria o Consello de  
 Administración do Ente Público Portos de Galicia, e adoptou entre outros, o seguinte acordo:

**Proposta de modificación dos criterios aprobados para fixar o prazo das concesións localizadas nos  
 portos dependentes da Comunidade Autónoma Galega.**

Co obxecto de definir o prazo das concesións outorgadas no dominio publico portuario dependente da  
 Comunidade Autónoma de Galicia, e en cumprimento dos criterios indicados no artigo 82 do Real Decreto  
 Lexislativo 2/2011, do 5 de novembro, mediante o que se aproba o Texto Refundido da Lei de portos do estado e  
 da mariña mercante, o consello de Administración de Portos de Galicia o 11.04.2012 aprobou os criterios para  
 fixar os prazos concesionais.

Con motivo da disposición derogatoria do *artigo 25 do Regulamento do ente público Portos de Galicia, ditado  
 en aplicación e desenvolvemento da Lei 5/1994, do 29 de novembro, aprobado polo Decreto 227/1995, do 20 de  
 xullo*, e por outra banda tendo en conta a entrada en vigor da *Lei 2/2013, de 29 de maio, de protección e uso  
 sostible do litoral e de modificación da Lei 22/88, de 28 de xullo, de Costas* e tamén a modificación do Real  
 decreto lexislativo 2/2011, do 5 de setembro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de portos do estado e  
 da mariña mercante (en adiante LPEMM), o prazo concesional máximo concesional pasou a ser de 50 en lugar  
 de 30 anos.

Por este motivo por acordo do consello de administración do 23.07.2014 modificáronse os pregos concesionais  
 para ampliar o prazo máximo do outorgamento das concesión.

Polo exposto procede adapta os criterios aprobados para fixar o prazo das concesións localizadas nos portos  
 dependentes da Comunidade Autónoma Galega, para ter en conta esta modificación lexislativa, propoñendo non  
 mudar a metodoloxía de cálculo.

Polo exposto, seguindo as mesmas premisas lexislativas e a mesma metodoloxía de cálculo, proponse ampliar os  
 intervalos para ampliar o rango concesional:

Tendo en conta que o artigo 82 do RDL 2/2011 o di textualmente:

"O prazo das concesións será o que se determine no título correspondente e non poderá ser superior a 50 anos.  
 Para a fixación deste se terán en conta os seguintes criterios:

a) b) c) d) e) f) g)

- a. Vinculación do obxecto da concesión á actividade portuaria.
- b. Disponibilidade de espazo de dominio público portuario.
- c. Volume de inversión, e estudo económico financeiro.
- d. Prazo de execución das obras contidas no proxecto.
- e. Adecuación á planificación e xestión portuarias.
- f. Incremento de actividade que se xere no porto.
- g. Vida útil da inversión a realizar polo concesionario.

Para establecer un criterio xeral de cálculo proponse a seguinte metodoloxía:

- 1. Establecemento dos prazos, ata un máximo de 50 anos, en función da inversión incluída no proxecto  
 concesional que sirva de base para a tramitación da concesión, considerando o presuposto incluído IVE.,  
 segundo o seguinte cadro (**Cadro núm.1**):

INVERSION	ANOS
menos 50.000 €	5
50.001-100.000 €	10
100.001-250.000 €	15
250.001-500.000 €	20
500.001-750.000 €	25
750.001-1.000.000 €	30
1.000.001-1.250.000	35
1.250.001-1.500.000 €	40
1.500.001-1.750.000 €	45
Mas de 1.750.000 €	50



Esere  
 15 october  
 y goga en R  
 fanda a  
 fona lora o  
 comiendo  
 enbae





2. Para ter en conta os demais criterios expostos no artigo 82 do citado TR da LPEMM, propónse valorar cualitativamente, en función das características da concesión, cada un dos criterios, do seguinte xeito (cadro núm.2):

CRITERIO	CUALIFICACIÓN		
	BAIXA	MEDIA	ALTA
Vinculación do obxecto da concesión á actividade portuaria e grado de adaptación a planificación portuaria	BAIXA	MEDIA	ALTA
Dispoñibilidade de espazo portuario	BAIXA	MEDIA	ALTA
Incremento da actividade que se xere no porto	BAIXA	MEDIA	ALTA
Vida útil da inversión	BAIXA (menos de 5 anos)	MEDIA (entre 5-15 anos)	ALTA (máis de 15 anos)
Prazo de execución das obras concesionais	BAIXA (menos de 3 meses)	MEDIA (entre 3 e 12 meses)	ALTA (máis de 12 meses.)

Para fixar o prazo da concesión propónse saltar ó intervalo inmediatamente superior, do que lle correspondería polo investimento previsto, segundo aplicación do **cadro núm. 1** sempre que a valoración cualitativa en referencia o **cadro núm. 2** sexa:

- CRITERIOS 1, 2 e 3. A lo menos dous destes criterios deberán ter valoración MEDIA ou MÁXIMA.
- CRITERIOS 4: Tera que ter valoración MÁXIMA
- CRITERIO 5: Poderá ter valoración MEDIA ou MÁXIMA

**En consecuencia, polo exposto propónse:**

- Obter o prazo inicial da concesión seguindo o cadro núm. 1 en función do investimento. Por outra banda, realizaríase a valoración cualitativa do resto de criterios, segundo o cadro núm. 2, e unicamente no suposto de que a lo menos dous dos criterios 1,2 e 3 teñan valoración MEDIA ou MÁXIMA, o criterio 4 teña valoración MÁXIMA e o criterio 5 teña valoración MEDIA ou MÁXIMA, incrementaríase en cinco anos o prazo concesional ata o máximo legal.
- Este prazo resultante poderá ser prorrogado ata o límite que se estableza e nos casos que así quede recollido no prego da concesión correspondente.

Votos en contra: ningún.

Abstencións: votan abstención o vocal D<sup>a</sup> Concepción Maceira Mirás.

Por maioría dos membros asistentes presentes con dereito a voto, e coas delegacións de voto efectuadas, acordase a aprobación, polo Consello de Administración, a proposta de modificación dos criterios aprobados para fixar o prazo das concesións localizadas nos portos dependentes da Comunidade Autónoma Galega.

O que se fai constar co visto e praxe do Presidente do Consello, en Santiago de Compostela a 26 de marzo de 2015, dacordo cos artigos 18.3 e 20.5 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, así como co artigo 25.3.f) da Lei 30/1992, do 26 de Novembro, de Réximen Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, facéndose referencia á circunstancia de que a acta da sesión de referencia esta pendente de aprobación.

Vº E PRAXE  
O PRESIDENTE,  
XUNTA DE GALICIA  
PORTOS  
de Galicia  
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL  
E DO MAR  
José Juan Durán Bermida

O SECRETARIO,  
XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL  
E DO MAR



**INFORME**

**proposta de modificación dos criterios aprobados para fixar o prazo das concesións localizadas nos portos dependentes da Comunidade Autónoma Galega.**

Co obxecto de definir o prazo das concesións outorgadas no dominio publico portuario dependente da Comunidade Autónoma de Galicia, e en cumprimento dos criterios indicados no artigo 82 do Real Decreto Legislativo 2/2011, do 5 de novembro, mediante o que se aproba o Texto Refundido da Lei de portos do estado e da mariña mercante, o consello de Administración de Portos de Galicia o 11.04.2012 aprobou os criterios para fixar os prazos concesionais.

Con motivo da disposición derogatoria do *artigo 25 do Regulamento do ente público Portos de Galicia, ditado en aplicación e desenvolvemento da Lei 5/1994, do 29 de novembro, aprobado polo Decreto 227/1995, do 20 de xullo*, e por outra banda tendo en conta a entrada en vigor da *Lei 2/2013, de 29 de maio, de protección e uso sostible do litoral e de modificación da Lei 22/88, de 28 de xullo, de Costas e tamén a modificación do Real decreto legislativo 2/2011, do 5 de setembro*, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de portos do estado e da mariña mercante (en adiante LPEMM), o prazo concesional máximo concesional pasou a ser de 50 en lugar de 30 anos.

Por este motivo por acordo do consello de administración do 23.07.2014 modificáronse os pregos concesionais para ampliar o prazo máximo do outorgamento das concesión.

Polo exposto procede adapta os criterios aprobados para fixar o prazo das concesións localizadas nos portos dependentes da Comunidade Autónoma Galega, para ter en conta esta modificación legislativa, propoñendo non mudar a metodoloxía de cálculo.

Polo exposto, seguindo as mesmas premisas legislativas e a mesma metodoloxía de cálculo, propónse ampliar os intervalos para ampliar o rango concesional:

Tendo en conta que o artigo 82 do RDL 2/2011 o di textualmente:

"O prazo das concesións será o que se determine no título correspondente e non poderá ser superior a 50 anos. Para a fixación deste se terán en conta os seguintes criterios:

a) b) c) d) e) f) g)

- a. Vinculación do obxecto da concesión á actividade portuaria.
- b. Disponibilidade de espazo de dominio público portuario.
- c. Volume de inversión, e estudo económico financeiro.
- d. Prazo de execución das obras contidas no proxecto.
- e. Adecuación á planificación e xestión portuarias.
- f. Incremento de actividade que se xere no porto.
- g. Vida útil da inversión a realizar polo concesionario.

Para establecer un criterio xeral de cálculo propónse a seguinte metodoloxía:

1. Establecemento dos prazos, ata un máximo de 50 anos, en función da inversión incluída no proxecto concesional que sirva de base para a tramitación da concesión, considerando o presuposto incluído IVE., segundo o seguinte cadro (Cadro núm.1):

INVERSION	ANOS
menos 50.000 €	5
50.001-100.000 €	10
100.001-250.000 €	15
250.001-500.000 €	20
500.001-750.000 €	25







750.001-1.000.000 €	30
1.000.001-1.250.000	35
1.250.001-1.500.000 €	40
1.500.001-1.750.000 €	45
Mas de 1.750.000 €	50

2. Para ter en conta os demais criterios expostos no artigo 82 do citado TR da LPEMM, propónse valorar cualitativamente, en función das características da concesión, cada un dos criterios, do seguinte xeito (cadro núm.2):

CRITERIO	CUALIFICACIÓN		
	BAIXA	MEDIA	ALTA
Vinculación do obxecto da concesión á actividade portuaria e grado de adaptación a planificación portuaria	BAIXA	MEDIA	ALTA
Disponibilidade de espazo portuario	BAIXA	MEDIA	ALTA
Incremento da actividade que se xere no porto	BAIXA	MEDIA	ALTA
Vida útil da inversión	BAIXA (menos de 5 anos)	MEDIA (entre 5-15 anos)	ALTA (máis de 15 anos)
Prazo de execución das obras concesionais	BAIXA (menos de 3 meses)	MEDIA (entre 3 e 12 meses)	ALTA (máis de 12 meses)

Para fixar o prazo da concesión propónse saltar ó intervalo inmediatamente superior, do que lle correspondería polo investimento previsto, segundo aplicación do **cadro núm. 1** sempre que a valoración cualitativa en referencia o **cadro núm. 2** sexa:

- CRITERIOS 1, 2 e 3. A lo menos dous destes criterios deberán ter valoración **MEDIA** ou **MAXIMA**.
- CRITERIOS 4: Tera que ter valoración **MÁXIMA**
- CRITERIO 5: Poderá ter valoración **MEDIA** ou **MÁXIMA**

En consecuencia , polo exposto propónse:

- Obter o prazo inicial da concesión seguindo o cadro núm. 1 en función do investimento. Por outra banda, realizaríase a valoración cualitativa do resto de criterios, segundo o cadro núm. 2, e unicamente no suposto de que a lo menos dous dos criterios 1,2 e 3 teñan valoración **MEDIA** ou **MÁXIMA**, o criterio 4 teña valoración **MÁXIMA** e o criterio 5 teña valoración **MEDIA** ou **MÁXIMA**, incrementariase en cinco anos o prazo concesional ata o máximo legal.
- Este prazo resultante poderá ser prorrogado ata o límite que se estableza e nos casos que así quede recollido no prego da concesión correspondente.

Santiago, 19 de marzo de 2015

O DIRECTOR

José Ignacio Wiler García

